

# LEILÍA

## CANTARELAS



### FICHA ARTÍSTICA

**ELENCO:** Pandeiroteiras: Ana Rodríguez, Rosario Rodríguez, Montse Rivera, Felisa Segade, Patricia Segade e Mercedes Rodríguez

**XÉNEROS:** Folk-Trad



75'



FAMILIAR

# LEILÍA

## CANTARELAS, 30 ANIVERSARIO

### A BANDA

Leilía nace no ano 89 cando seis mulleres se xuntan para recuperar do esquecemento a tradición oral galega. Ao son de pandeiretas e voces, pronto van agromando os froitos. A mediados dos noventa chega o seu louvado debut *Leilía*, composto exclusivamente por pezas tradicionais. O seguinte reto será achegar a música do pasado ao presente, por medio da incorporación de instrumentos e polifonías non tradicionais. Así nace *I é verdade i é mentira* (1998). No ano 2003 chega *Madama*, onde a fórmula se enriquece incorporando letras de temática actual.

Xa no 2005 publican *Son de Leilía*, un percorrido pola historia do grupo. Ás portas do 2012 sae á luz *CONsentimento*, un disco no que apenas tres instrumentos abeiran á perfección a beleza do canto tradicional e os versos de varias poetas galegas da actualidade. Actualmente celebran o seu 30º aniversario co espectáculo *CantarELAS*, no que miran atrás e conectan a súa orixe coa actualidade, pasando poas diferentes sonoridades do grupo.

### O ESPECTÁCULO

O espectáculo *CantarELAS* florece aunando temas emblemáticos, que acompañaron e emocionaron a Leilía e ao seu público nos directos, con temas pouco coñecidos e revestidos co toque actual da banda. Con eles queren celebrar o seu 30º aniversario, e pechar o círculo conectando a orixe coa actualidade, pasando polas diferentes sonoridades do grupo.



INFO



VÍDEO

CULTURACTIVA